



A TÚA PARTICIPACIÓN É IMPRESCINDIBLE

Como podo participar no SGC da Escola?

- Participando nos órganos de representación: Comisións de Título, Xunta de Centro, etc.
- Presentando suxestións á Comisión de Calidade do Centro.
- Achegando a túa opinión nas enquisas que recibas.

• Informe de seguimento dos títulos

Realízase anualmente a partir da análise da información proporcionada polo coordinador do título e o responsable de calidade do Centro obtida das enquisas cubertas polos grupos de interese do Centro.

• Plan de melloras do título

É un conxunto de accións proposto para mellorar as eivas detectadas durante o proceso de seguimento do título e reflectidas no Informe de Seguimento do Título para o ano seguinte.

• Memoria de calidade do centro

É o informe anual realizado pola Comisión de Calidade do Centro a partir da información sobre o desenvolvemento dos títulos proporcionada polos grupos de interese.



VICERREITORÍA DE COMUNICACIÓN
E COORDINACIÓN

VALORES DA EPS DE ENXEÑARÍA

Este Centro ten como obxectivo o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de atención e reposta ás demandas dos nosos grupos de interese. Por iso, os nosos valores son:

- **Responsabilidade** para garantir unha oferta académica acorde ás necesidades e expectativas dos usuarios e da sociedade.
- **Integración, participación e igualdade** como principios irrenunciáveis.
- **Orientación** ao alumno como principal receptor da docencia.
- **Excelencia** na docencia, investigación e na xestión.
- **Transparencia** e máxima difusión dos resultados acadados.

“A calidade nunca é un accidente; sempre é o resultado dun esforzo da intelixencia”

John Ruskin



Sistema de Garantía de
Calidade (SGC) da EPS de
Enxeñaría



ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR
DE ENXEÑARÍA

EPS DE ENXEÑARÍA

Rúa Benigno Lego
Campus Terra
27002.Lugo
www.usc.es/eps



www.facebook.com/EPSLugo



www.twitter.com/EPSLugo



Tel. : 982823015
Fax : 982285926

SUBDIRECCIÓN DE CALIDADE

“O que non se define non se pode medir. O que non se mide, non se pode mellorar. O que non se mellora, degrádase sempre”

WILLIAM THOMSON, LORD KELVIN

ÁMBITOS AFECTADOS POLO SGC NO CENTRO

- OFERTA E CALIDADE DOCENTE
- ACTUACIÓNS ORIENTADAS AOS ESTUDANTES
- PERSOAL DO CENTRO
- RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS
- RESULTADOS DA FORMACIÓN
- INFORMACIÓN PÚBLICA
- PRÁCTICAS EXTERNAS



O SGC é un conxunto integrado polas actividades desenvolvidas no Centro para garantir a calidade das ensinanzas, así como a relación existente entre ditas actividades. Este sistema debe permitir ao Centro demostrar que actúan sobre a calidade dos seus programas e títulos, comprometéndose a poñer en marcha medidas que aseguren e demostren esa calidade.

O SGC é a base para que a organización das ensinanzas funcione eficientemente

GRUPOS DE INTERESE

Por grupo de interese enténdese a toda persoa, grupo ou institución que ten interese no Centro, nas ensinanzas ou nos resultados obtidos.

O SGC da EPS de Enxeñaría ten en conta aos distintos grupos de interese: empregadores, colexios profesionais, administracións públicas, persoal docente e auxiliar, sector terciario e, con especial atención, os estudantes activos e egresados.

DOCUMENTACIÓN

O SGC da EPS de Enxeñaría contén a seguinte documentación:

1. Un manual do SGC que é un documento xenérico que presenta ao Centro e contén o alcance do SGC e as directrices do programa FIDES-AUDIT no que se basea.
2. Unha serie de procedementos estratéxicos, chave, de medida e de apoio.
3. As evidencias xeradas como consecuencia da aplicación do SGC.



ESTRUTURA DO SGC

Os órganos de representación da EPS de Enxeñaría involucrados na toma de decisións do SGC son:

- Equipo de dirección/Responsable de Calidade
- Comisión de Calidade do Centro
- Comisións de Título
- Xunta de Escola



INFORMACIÓN SOBRE O SGC

Toda a información que precisas coñecer sobre o SGC da EPS de Enxeñaría esta na Web do Centro, na sección de Calidade/SGC:

<http://www.usc.es/gl/centros/eps/TitulacionDeGrao/Calidad/Calidad.html>



INSTRUMENTO DE MEDIDA

A enquisa é o instrumento de medida máis valioso que ten un sistema de calidade. Por iso, cando dedicas tempo a cubrir estes cuestionarios estas contribuíndo a mellorar o teu Centro.

EPS de Enxeñaría

Imaxina, investiga, descubre... ENXEÑA

